

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Os exames, un por trimestre, avaliarán os contidos conceptuais das unidades, prestando especial atención ao coñecemento e emprego axeitado da terminoloxía filosófica. Suporán o 50% da cualificación trimestral.
2. O Diario Filosófico incluírá o resumo das clases, a práctica das ferramentas propias da materia (recensións, ensaios, disertacións, comentarios de texto...) , actividades e aportacións voluntarias que fomenten a creatividade e o espírito emprendedor. Suporá o 40% da cualificación.
3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseada no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%. Atendendo á diversidade, os alumnos e alumnas aos que lles resulte difícil participar de xeito oral nas clases poderán incluír as súas argumentacións no Diario filosófico.
4. **A nota da avaliación final (Ordinaria)** será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.
5. Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .
6. Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.
7. **Os fraudes nos exames ou no Diario filosófico serán penalizados cunha puntuación 0 no exame ou no Diario. A profesora poderá entrevistar ao alumnado para confirmar ou non a autoría dos seus Diarios filosóficos ou exames.**

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación ao alumnado.

Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliación ou todas suspensas.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado superará a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

Os fraudes nos exames ou traballos de recuperación, incluída a proba da avaliación extraordinaria serán penalizados coa cualificación 0 na proba ou traballo. A profesora poderá entrevistar ao alumnado para confirmar ou non a autoría dos seus traballos ou exames.